





ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA A MAGDALENA

CAPITULO I

NORMAS XERAIS





Artigo 1º.- A Agrupación Deportiva A Magdalena é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxeto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada de varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

Artigo 2º.- A Agrupación Deportiva A Magdalena solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia.

A Agrupación Deportiva practicará as modalidades deportivas de Fútbol Sala, Patinaxe, Psicomotricidade, Baloncesto, Balonmano, Hockey; para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras.

Artigo 3º.- O domicilio Social da Agrupación fixase na Rúa Monte Caxado, s/n, no Concello de As Pontes (15320), provincia de A Coruña.



O Presidente, cando as circunstancias o aconsellen, poderá acordar o cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria. En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá que ser notificado aos socios, e ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISIÓN, DEREITOS E OBRIGACIÓNS.

Artigo 4º.- O número de socios será ilimitado. A Asemblea Xeral poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o esixan razóns de aforo ou capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número e honorarios

Artigo 5º.- Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral. Serán socios honorarios aquelas persoas ás que a Asemblea Xeral confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Artigo 6º.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ao cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que a Asociación se axuste ao disposto na normativa autonómica deportiva e ao establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Asociación.
- d) Coñecer as actividades da Asociación e examinar a documentación, previa petición razoada ao Presidente.
- e) Expor libremente as súas opinións no seo da Asociación.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Aboar as cotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ao sostenemento e difusión do deporte ou modalidades Deportivas.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva ou o Presidente, para o bo goberno da sociedade.

Artigo 7º.- Para ser admitido como socio será necesario:

- Ser maior de idade.



- Solicitud por escrito.
- Satisfacer a cota de ingreso correspondente.

Artigo 8º.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cotas sociais durante tres meses consecutivos, previo requerimiento de pago, e consecuente Resolución do Presidente.
- Por acordó do Presidente no seu caso, fundado en faltas de carácter grave, previa audiencia do interesado, que haberá de ser ratificado na primeira assemblea xeral que se celebre.
- Por calquera outra causa establecida na lexislación vixente.

CAPITULO III

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO.

Artigo 9º.- Son Órganos de representación e gobernó da Agrupación Deportiva a Asamblea Xeral e o Presidente.

Artigo 10º.- O Presidente é o órgano executivo da Agrupación Deportiva, posúe a representación legal e convoca e preside os órganos de representación e goberno, executando os acordos destes. O cargo de Presidente é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta. Será elixido mediante sufraxio libre, directo, o igual e secreto por e entre os membros da Asamblea Xeral, cada 2 anos.

Artigo 11º.- O Presidente cesará por:

- a) Transcorrer o prazo polo que foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asamblea Xeral.
- e) Inhabilitación por sentenza xudicial firme ou sanción deportiva.

Artigo 12º.-

1.- Como órgano complementario dos de gobernó e representación poderá haber una xunta directiva que actuará como órgano colexiado de xestión da Agrupación Deportiva, e exercerá as funcións que este estatuto lle confire.

2.- Os membros da Xunta Directiva serán designados e revocados libremente polo presidente, debendo dar conta diso na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Da mesma formará parte un vicepresidente, un secretario e un tesoureiro. O presidente podera acordar a creación do cargo de vocais, entre un e catro no número que estime necesario, para que formen parte da Xunta Directiva.

Tódolos cargos serán gratuitos, voluntarios e carecen de interese nos resultados económicos da Agrupación Deportiva por si mesmos ou persoa interposta.

Artigo 13º.-

1.- A Xunta Directiva quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concurrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso do Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración. A Xunta Directiva quedará tamén válidamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

3.- En especial corresponde á Xunta Directiva:


a) Dirixir a xestión da Agrupación Deportiva, velando polo cumprimento do seu obxeto social.

b) Formular o inventario, memoria e presuposto anual, que se someterá a aprobación da Asemblea.

c) Aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro da Agrupación Deportiva.

Artigo 14º.- O vicepresidente asistirá o presidente nas súas funcións e substituirao nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.





Artigo 15º.- O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marca administrativa da Asociación e levará o Libro de rexistro de socios e o Libro de Actas.



Artigo 16º.-

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o mes de maio de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de todos os asociados.



Artigo 17º.- Os Vocais terán as seguintes atribucións:


1.- Realizar programas e propostas na súa área de actuación.

2.- Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.




Artigo 18º.-

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno da Agrupación Deportiva e estará integrada por tódolos seus socios de número.



2.- As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán que mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de 20.



Artigo 19º.- A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, polo menos, dos socios de número.

1.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, polo menos una vez ao ano para tratar das seguintes cuestións:


a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.




b) Presuposto para o seguinte exercicio.

c) Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.

d) Proposicións que formulen os socios e que terán de ir asinadas ó menos, polo cinco por cento dos mesmos.



2.- Terá que se celebrar Asemblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, enaxenación de bens inmobles e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.




Artigo 20º.- Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple dos presentes, requeriéndose unha maioría cualificada e un quórum determinado de asistencia para aqueles asuntos que establezan os estatutos. Serán vinculantes e de obrigados cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.



CAPITULO IV

RÉXIME DOCUMENTAL.



Artigo 21º.- O réxime documental da asociación, constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

Artigo 22º.- No Libro de Rexistro de Socios, terán de constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, gobernó e administración que exerzan na Agrupación Deportiva. Tamén se deberán especificar as datas de alta e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 23º.- No libro de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos

adoptados. As Actas terán que estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 24º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da Agrupación Deportiva, debéndose precisar a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

RÉXIME DISCIPLINARIO.

Artigo 25º.- Os órganos e socios da asociación estarán sometidos ao regulamento disciplinario da Agrupación Deportiva e ao disposto no Título VII da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 26º.- Así mesmo o Presidente e os membros da Xunta Directiva responderán fronte aos socios, a Agrupación Deportiva ou terceiros dos prexuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia da asociación e o Ordenamento Xurídico vixente.

CAPITULO V

RÉXIME ECONÓMICO - FINANCEIRO E PATRIMONIAL.

Artigo 27º.-

1.- No momento da creación da Agrupación Deportiva, o patrimonio fundacional é de CEN EUROS.

2.- No futuro o patrimonio da Agrupación Deportiva estará integrado por:

- a) As aportacións económicas dos socios, que aprobe a Asemblea Xeral.
- b) As doazóns e subvencións que reciba.
- c) Os resultados económicos que poden producir as manifestacións físico-deportivas que organice a entidade.
- d) As rendas, froitos e intereses do seu patrimonio.

Queda expresamente excluído como fin da Agrupación Deportiva a ánimo de lucro e a totalidade de seus ingresos e beneficios aplicaranse ao cumprimento dos seus fins sociais.

Artigo 28º.- A Agrupación Deportiva poderá gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro a préstamo, sempre que cumbran os seguintes requisitos:

1.- Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.

2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constituía o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3.- Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles e inmobles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos de Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa do órgano competente da Xunta de Galicia.

CAPITULO VI

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DO CLUB

Artigo 29º.- Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordó da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable de dous tercios dos socios de número asistentes. A reforma destes estatutos seguirá, con respecto ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, os mesmos trámites administrativos que para a súa inscrición.


Artigo 30º.- A Agrupación Deportiva extinguirase ou disolverase por acordo de:

a) dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ao efecto.

b) por sentenza xudicial.

c) por outras causas legalmente determinadas. En todo caso haberá de ser notificado ao Rexistro de Entidades Deportivas.

Artigo 31º.- Disolvida a Agrupación Deportiva, o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo ben por acordo



previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente polo órgano competente en materia de deporte da Xunta de Galicia.

En As Pontes, a vinteún de Novembro de dous mil dezaséis.

Presidente:
Rocio Prieto Ramos
DNI 79329011-X




Vicepresidente:
Tomás Coello García
DNI 32675158-R



Secretaria:
M^a Cristina Maceira Franqueiro
DNI 44847568-Y



Tesoureira:
José L. Penabad González
DNI 32690743-S



Vocal:
Cristina Bouza Pereira
DNI 79329820-Z



Vocal:
Diego Paz Romero
DNI 32698271-E



